

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 19 DE NOVEMBRO DE 2015,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se aproba o texto do proxecto de Decreto polo que se establece a ordenación dos albergues turísticos, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

**CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Acordo polo que se modifican os límites establecidos para compromisos plurianuais en relación coa tramitación anticipada pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda de determinadas actuacións en materia de estradas.

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para o financiamento dos gastos de limpeza dos centros públicos integrados, por un importe total de seiscentos oitenta e dous mil cincocentos euros (682.500 €).

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social para a sinatura dun convenio de colaboración coa entidade Aldeas Infantiles SOS Galicia para a execución do Programa de apoio ao acollemento en familia extensa. Importe total: douscentos sesenta e cinco mil catrocentos vinte e tres euros con setenta e oito céntimos (265.423,78€).

## **INFORMES**

### **VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia do exercicio da acción popular nas dilixencias do procedemento abreviado 2928/2015, do Xulgado de Instrución núm. 3 de Pontevedra, abertas por razón do falecemento por violencia de xénero de Concepción Reguera Peón.

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Informe sobre a convocatoria de axudas do programa Conecta Peme 2016.
- Informe sobre as subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2015.

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre o proxecto de Sistema Integral de xestión do paciente–Innovasis.

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Informe sobre o anticipo da política agraria común (PAC) en Galicia.

### **CONSELLERÍA DO MAR**

- Informe executivo do período de fondos FEP.

## A XUNTA APROBA REMITIR AO CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA A NOVA ORDENACIÓN DOS ALBERGUES TURÍSTICOS

- *O obxectivo desta modificación da regulación dos establecementos hoteleiros é acadar un incremento na calidade dos albergues turísticos como establecementos que fan atractivo o noso territorio como destino turístico*
- *Unha das novidades máis destacadas que inclúe a nova regulación é unha nova clasificación para os albergues turísticos baseada en dúas categorías*
- *Así mesmo, introduce o recoñecemento dunha categoría especial para os albergues de peregrinos do Camiño de Santiago*
- *Ademais, para adaptarse á realidade dos usuarios destes establecementos, que nunha elevada porcentaxe son peregrinos, o novo decreto establece un réxime especial que exclúe o establecido con carácter xeral en canto ao réxime de prezos e reservas*

O Consello da Xunta aprobou hoxe remitir ao Consello Consultivo o proxecto de Decreto polo que se establece a ordenación dos albergues turísticos.

Esta nova regulación introduce como principal novidade unha nova clasificación para os albergues turísticos baseada en dúas categorías -albergue turístico de primeira categoría e albergue turístico de segunda categoría-, substituíndo a actual clasificación por estrelas de unha, dúas e tres estrelas.

Outras das novidades deste novo decreto é o recoñecemento dunha categoría especial para os albergues de peregrinos do Camiño de Santiago. Estes albergues estarán caracterizados por estaren situados nun área de 3 km en torno á Ruta Xacobeá, por ser xestionados por entidades sen ánimo de lucro e por reunir elementos esenciais no desenvolvemento da súa actividade: a función hospitalaria ao peregrino.

Así mesmo, co obxectivo de adaptarse á realidade das persoas usuarias turísticas dos albergues turísticos, que nunha elevada porcentaxe son peregrinos, o novo decreto establece para estes establecementos un réxime especial que exclúe o establecido con carácter xeral en canto ao réxime de prezos e reservas dos establecementos turísticos de aloxamento e restauración en Galicia. Deste xeito a nova regulación recolle unha xornada que se inicia ás 13:00 horas do primeiro día do período contratado e finaliza ás 10:00 horas do día sinalado como data de saída.

O obxectivo desta nova norma é acadar un incremento na calidade dos albergues turísticos como establecementos que fan atractivo o noso territorio como destino turístico.

## A XUNTA DESBLOQUEA O CRÉDITO NECESARIO PARA LICITAR AS OBRAS DE CONVERSIÓN EN AUTOVÍA DO SEGUNDO TREITO DO CORREDOR DO MORRAZO POR UN VALOR DE 18 MILLÓNS DE EUROS

- *Trátase dun treito de 4 quilómetros entre Domaio e Meira, nos cales, ademais de duplicar a calzada actual, se remodelarán os enlaces e se ampliarán os dous pasos inferiores e o paso superior*
- *Estes traballos darán continuidade ás obras xa iniciadas en outubro, entre Rande e Domaio, e que supoñen un investimento de preto de 20 millóns de euros*
- *A Autovía do Morrazo é a infraestrutura viaria que absorbe máis investimento nos orzamentos da Xunta para 2016*
- *A Xunta cumpre deste xeito o seu compromiso de dotar a comarca do Morrazo dunha autovía libre de peaxe, que resolva os problemas de capacidade do corredor actual, xa que por esta vía circulan 15.000 vehículos cada día*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe o desbloqueo do crédito necesario para licitar, nas vindeiras semanas, as obras de conversión en autovía do segundo treito do corredor do Morrazo, entre Domaio e Meira. A actuación implicará un investimento de 18 millóns de euros.


Trátase dun treito cunha lonxitude total de algo máis de 4 quilómetros. As obras proxectadas consisten na duplicación da calzada actual dende o p.q. 3+250 ata o 7+300, polas marxes esquerda e dereita, así como na remodelación dos enlaces de Domaio e Meira. Tamén se prevé o deseño dunha nova área de servizo en Meira, a duplicación do viaduto da Mó e a ampliación de dous pasos inferiores e un superior.

Estas actuacións dan continuidade aos traballos xa iniciados no mes de outubro para a conversión en autovía do corredor do Morrazo, no primeiro treito entre o enlace de Rande e de Domaio. Este primeiro tramo supón a intervención ao longo de 3,2 quilómetros, cun prazo de execución de 24 meses, e cun investimento próximo aos 20 millóns de euros.

As obras no primeiro tramo prevén varias estruturas singulares, como o viaduto no enlace de Rande sobre a glorieta existente, que conectará directamente o corredor e a autopista AP-9; o túnel de Montealegre, que permite respectar os restos arqueolóxicos existentes na zona; e o viaduto da Moura, sobre o río Minouva e a Poza da Moura.

A conversión en autovía do corredor do Morrazo é a infraestrutura viaria que absorbe o maior investimento nos orzamentos da Xunta para 2016. Esta partida permitirá que estean en plena execución as obras do treito I, o inicio das obras do treito II e o avance no treito III.

A Xunta cumpre deste xeito o seu compromiso de dotar a comarca do Morrazo dunha autovía libre de peaxe, que resolva os problemas de capacidade do corredor actual, xa que por esta vía circulan 15.000 vehículos cada día, unha cifra que chega ata os 20.000 moitos días de verán.



## A XUNTA HABILITA UN CRÉDITO DE MÁIS DE 3,4 MILLÓNS DE EUROS PARA AS OBRAS DA SENDA PEONIL E CICLISTA NA ESTRADA PO-308 AO SEU PASO POLO CONCELLO DE SANXENXO

- *O obxectivo destas actuacións é mellorar a seguridade viaria e potenciar a mobilidade sustentable*
- *Actuarase sobre un treito de 2,77 quilómetros con dous carrís de 3,5 metros cada un e dúas beiravías, dúas beirarrúas, unha senda para bicicletas e a zona de aparcadoiros*
- *As accións que se van executar centraranse na mellora de interseccións, na construción dunha glorieta no p.q. 25+260, posta en servizo de zonas de aparcadoiro e dunha senda ciclista que dá continuidade á existente na Lanzada*
- *A Xunta, mediante este proxecto, dá resposta a unha demanda dos veciños da zona, incrementando así a súa calidade de vida e impulsando o desenvolvemento económico e social deste concello pontevedrés*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a habilitación dun crédito de máis de 3,4 millóns de euros para as obras da senda peonil e ciclista na estrada Pontevedra- A Lanzada (PO-308), ao seu paso polo concello de Sanxenxo.

O propósito fundamental da actuación é a mellora da seguridade viaria e da mobilidade dos peóns e ciclistas desta vía, que se encadra dentro da rede primaria complementaria da Xunta de Galicia.

O obxecto destas obras é un treito de 2,77 quilómetros que vai desde o p.q. 25 + 200 ao 27 + 970 da estrada Pontevedra- A Lanzada (PO-308), no concello de Sanxenxo.

En relación coas características técnicas deste tramo, trátase dunha vía con dous carrís de 3,50 metros cada un, dúas beiravías, unha beirarrúa, unha senda-bici e aparcadoiro.

No que se refire aos traballos que se van executar, destacan a mellora de interseccións existentes; a construción dunha glorieta no p.q. 52 + 260, na zona de enlace de varias vías secundarias; a posta en servizo de zonas de aparcadoiro e a realización dunha senda ciclista que dá continuidade á existente na Lanzada. Ademais mellorarase a sinalización, a drenaxe e a capa de rodadura da citada estrada.

A Xunta, mediante este proxecto, dá resposta a unha demanda solicitada polos veciños da zona, mantendo así o seu compromiso coa mellora da seguridade viaria. Neste sentido, incrementarase a calidade de vida dos cidadáns impulsando o desenvolvemento económico e social deste concello pontevedrés. Cabe citar que estas



obras, unha vez finalizadas, beneficiarán máis de 17.600 habitantes do concello de Sanxenxo.



## **CULTURA E EDUCACIÓN DESTINA 682.500 EUROS A COLABORAR COA FEGAMP PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE LIMPEZA NOS CENTROS PÚBLICOS INTEGRADOS**

- ***A Consellería aboa á Federación Galega de Municipios e Provincias a contía destes servizos que prestan 36 concellos***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria achega no 2015 un total de 682.500 euros á Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para aboar os servizos prestados por 36 concellos integrantes dela para a limpeza dos centros públicos integrados (CPI). O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a esta colaboración, coa cal se avanza na eficiencia e eficacia na prestación dos servizos á cidadanía por parte das administracións públicas.

A transferencia realízase no marco do acordo marco asinado pola Consellería e a Fegamp para o desenvolvemento do pacto local en materia de educación, segundo o cal o departamento educativo da Xunta de Galicia asumiu os gastos derivados do servizo de limpeza destes centros de ensino, logo da adhesión do respectivo concello ao citado acordo marco.

A colaboración entre a Xunta e a Fegamp enmárcase no contexto de colaboración institucional entre as administracións local e autonómica co fin de xuntar esforzos na procura dunha maior e mellor eficacia na xestión dos recursos públicos, favorecendo o seu uso responsable e evitando duplicidades.



## A XUNTA RENOVA O CONVENIO CON ALDEAS INFANTILES SOS GALICIA PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE APOIO AO ACOLLEMENTO EN FAMILIA EXTENSA

- *A Xunta achegará o 57% (151.679 euros) do importe total do convenio (265.423,78 euros), o que representa un incremento de máis do 41% respecto ao orzamento consignado en 2014*
- *O programa servirá para apoiar os procesos de acollemento familiar de menores por membros da súa propia familia, proporcionando unha atención especializada e adaptada ás persoas acollidas, ás persoas acolledoras e aos proxenitores*
- *Do total de menores tutelados e en garda da Xunta, preto do 53 % atópanse en acollemento familiar e, entre eles, o recurso de acollemento en familia extensa representa o 87%*

O Consello da Xunta acaba de autorizar o convenio entre a Consellería de Política Social e a entidade Aldeas Infantiles SOS Galicia para a execución do Programa de apoio ao acollemento en familia extensa, xa en marcha, e que terá vigor ata 2016. Do importe total do convenio, que acada os 265.423,78 euros, a Xunta de Galicia achegará o 57% do mesmo ata chegar aos 151.679 euros, o que representa un incremento de máis do 41% respecto ao orzamento consignado a este respecto en 2014.

O Programa de apoio ao acollemento en familia extensa servirá para apoiar os procesos de acollemento familiar de menores por membros da súa propia familia, proporcionando unha atención especializada adaptada ás necesidades das persoas acollidas, das persoas acolledoras e dos proxenitores. Esta atención instrumentarase a través de actuacións de asesoramento e orientación en tarefas parentais e coidado dos menores, intervención psicosocial e actuacións de mediación nas relacións familiares, e apoio educativo ás familias a través de sesións formativas.

Ao abeiro deste convenio, no ano 2014 atendéronse 52 menores e 56 familias, mentres que para este ano 2015 o número de beneficiarios previstos de xaneiro a decembro será de 320 usuarios do servizo de formación e 80 menores en familias usuarias do servizo de intervención educativa.

### **O acollemento familiar, unha figura primordial**

O acollemento familiar, tanto en familia allea como en familia extensa ten como finalidade a procura dun núcleo de convivencia familiar adecuado para o menor, ben sexa de xeito temporal, para a súa reinserción na súa familia de orixe ou para a súa adaptación á familia que o vaia adoptar, ou ben de forma permanente, cando a idade ou outras circunstancias do menor e a súa familia así o requiran.

En particular, o acollemento en familia extensa é unha modalidade de protección á infancia que permite que familiares se fagan cargo, temporalmente, dos nenos e das nenas cando se ve impedida a convivencia cos seus pais por diferentes causas. A través da sinatura deste convenio entre Xunta de Galicia e Aldeas Infantiles apóstase pola primacía deste tipo de acollemento e poténciase o apoio ás familias que requiren de formación e acompañamento para desenvolver con éxito un labor fundamental na protección dos menores do seu contorno familiar.

Nesta liña cómpre destacar que, do total de menores tutelados e en garda da Xunta de Galicia, preto do 53% atópanse en acollemento familiar. Entre eles, o recurso de acollemento en familia extensa representa o 87%, sendo como xa se explicou na maioría dos casos o recurso máis idóneo na medida que mantén os menores no seu contorno socioeducativo e emocional.

### **Aldeas Infantiles**

Aldeas Infantiles vén desenvolvendo programas de apoio aos acollementos en Canarias e Galicia, nesta última comunidade o Programa de apoio ao acollemento en familia extensa iniciouse na provincia de Pontevedra dende xaneiro de 2010, en colaboración coa antiga Consellería de Traballo e Benestar, e fíxose extensible a toda a Comunidade Autónoma no ano 2013.

## **A XUNTA PRESÉNTASE COMO ACCIÓN POPULAR NO PROCESO POLA MORTE POR VIOLENCIA DE XÉNERO DE CONCEPCIÓN REGUERA PEÓN**

- *Desde o ano 2013, o Consello da Xunta aprobou comparecer en todos os procesos penais en caso de morte por causa de violencia de xénero*
- *Na actualidade, con este xa son dez os procesos penais en que o Goberno comparece*

A Asesoría Xurídica da Xunta presentouse, por instancia da Secretaría Xeral da Igualdade, como acción popular no caso da morte de Concepción Reguera Peón por violencia de xénero. Concretamente, os/as letrados/as da Xunta de Galicia compareceron nas dilixencias previas abertas no Xulgado de Instrución número 3 de Pontevedra, que aceptou a comparecencia.

No ano 2013, o Consello da Xunta aprobou o protocolo para o exercicio da acción popular por parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia nos procedementos penais en caso de morte por causa de violencia de xénero. No dito acordo dispónse que os/as letrados/as da Xunta de Galicia presentarán perante o Xulgado de Instrución ou de Vixilancia de Violencia sobre a muller onde se estea a tramitar unha instrución por falecemento por causa de tal violencia de xénero, escrito procesual para exercer a acción popular unha vez constatada a existencia deste.

Con esta iniciativa, a Xunta deu cumprimento aos artigos 30 e 31 da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, como un paso máis na procura da igualdade efectiva entre homes e mulleres, concretamente na loita contra a violencia de xénero, e afianzou o compromiso institucional coa erradicación desta lacra.

## A XUNTA ACTIVA UNHA NOVA CONVOCATORIA DO CONECTA PEME QUE MOBILIZARÁ 40 MILLÓNS EN 50 PROXECTOS DE INNOVACIÓN EMPRESARIAL

- *A terceira edición incrementa o orzamento máis dun 25%, e supera os 25 millóns co obxectivo de incentivar a innovación aberta, cofinanciando proxectos de colaboración de entre 2 e 6 empresas*
- *As dúas primeiras edicións xa están a xerar investimentos por 46 millóns en 72 proxectos de cooperación que crearon 500 postos de traballo*
- *Entre as principais novidades cómpre salientar o apoio a proxectos de innovación en organización e mellora de procesos, a simplificación dos trámites e o aliñamento coa RIS3 e a Axenda da Competitividade Galicia Industria 4.0*
- *Os proxectos presentados deberán ter por obxectivo xerar tecnoloxías innovadoras pero tamén acreditar unha perspectiva de alto impacto económico para contribuír á competitividade e ao crecemento da economía galega*

A Xunta de Galicia está a desenvolver unha estratexia integral de innovación que, coa participación de todos os axentes do Sistema galego de I+D+i, inclúe actuacións prácticas que redundan nun incremento da competitividade do tecido empresarial galego. Neste sentido, a Consellería de Economía, Emprego e Industria abrirá nas próximas datas unha nova convocatoria do programa Conecta Peme que, dotada con 25,2 millóns de euros, mobilizará 40 millóns en 50 proxectos de innovación liderados por pequenas e medianas empresas galegas.

O orzamento supón un incremento de máis dun 25% con respecto á anterior convocatoria supón a maior aposta do Goberno galego pola innovación empresarial desde o comezo da crise. O obxectivo é reforzar a capacidade de recuperación das pequenas e medianas empresas con base no coñecemento desenvolvendo iniciativas de colaboración en que priman a transferencia dos resultados ao propio tecido empresarial.

Deste xeito, búscase dar continuidade ás boas cifras acadadas polas dúas primeiras edicións, que están a mobilizar preto de 46 millóns en 72 proxectos de cooperación desenvolvidos por pemes e centros de innovación e do coñecemento galegos, que contribuíron á creación de 500 postos de traballo.

No medio centenar de proxectos da terceira edición tomarán parte arredor de 200 pemes galegas, coa perspectiva de que na maior parte deles participen tamén centros tecnolóxicos e de investigación galegos. Búscase así impulsar a xeración de solucións innovadoras a necesidades estratéxicas para Galicia, que ao tempo sexan competitivas no mercado global, mobilizar capital privado con destino á innovación, e fomentar a



unión de capacidades científico-tecnolóxicas procedentes das esferas pública e privada.

Así mesmo, desde o punto de vista estratéxico, as principais novidades desta terceira edición son un maior aliñamento coas prioridades temáticas establecidas na Estratexia de especialización intelixente de Galicia (RIS3) e o apoio por primeira vez a proxectos de innovación en organización e mellora de procesos, como reflicte a Axenda de Competitividade Galicia - Industrial 4.0.

Desta forma, o Conecta Peme impulsará proxectos que supoñan unha innovación disruptiva ou radical e que xustifiquen un alto impacto económico, polo que se valorará a innovación das tecnoloxías xeradas pero, ademais, e moi especialmente, a súa capacidade para xerar rendibilidade no mercado e, en consecuencia, contribuír ao crecemento económico de Galicia.

As iniciativas de colaboración serán desenvolvidas por un mínimo de dúas e un máximo de seis empresas e incorporárase nesta edición a posibilidade de incluír no consorcio unha gran empresa, sempre que non supere a execución do 25% do total do orzamento. Ademais, as actuacións que impliquen a contratación de centros tecnolóxicos e de investigación galegos contarán cunha valoración positiva. Os proxectos terán que contar cun orzamento de entre 500.000 euros e 1,5 millóns e as axudas públicas poderán cubrir ata o 80% do total.

Así mesmo, a nova edición inclúe 20 medidas de simplificación e flexibilización da tramitación, atendendo á demanda das propias empresas de reducir os esforzos destinados ao procedemento administrativo. Ao longo do mes de decembro terán lugar talleres prácticos en sete localidades para axudar as pemes a preparar as súas propostas coas máximas opcións de éxito.

## ECONOMÍA INVISTE 2,2 MILLÓNS NO IMPULSO DA REDE DE AXENTES DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL INTEGRADA POR 244 TRABALLADORES

- *Esta liña de axudas da Xunta está destinada á contratación de profesionais cualificados que actúen como dinamizadores do desenvolvemento económico*
- *As subvencións están dirixidas aos concellos e a súa finalidade é reactivar, principalmente, a economía das zonas rurais*
- *A contía máxima que se concederá por cada axente contratado poderá ser como máximo de 27.046 euros anuais tendo en conta a media de paro rexistrado en 2014 no territorio local*

A Consellería de Economía, Emprego e Industria investirá este ano un total de 2,2 millóns de euros para que os concellos poidan contratar ou prorrogar o labor dos axentes de emprego e desenvolvemento local para fomentar o emprendemento. Esta iniciativa do departamento autonómico, da que se informou hoxe no Consello da Xunta, permitirá continuar co impulso da rede integrada por 244 traballadores.

Estas axudas están dirixidas ás administracións locais co fin de que poidan dispoñer de profesionais cualificados que se convertan nos dinamizadores do desenvolvemento económico e do emprego nos seus respectivos territorios, promovendo, deste xeito, a creación e consolidación de iniciativas emprendedoras. A finalidade principal desta liña de axudas é, sobre todo, reactivar a economía das zonas rurais e no ámbito local.

O labor destes profesionais é principalmente colaborar na implantación das políticas activas de emprego relacionadas coa creación de actividade empresarial. Así, entre as súas funcións destacan a prospección de recursos ou proxectos empresarias de promoción económica local e iniciativas innovadoras para a xeración de emprego no ámbito local; o acompañamento técnico no inicio de plans de empresa para a súa consolidación, asesorando e informando sobre a viabilidade técnica, económica e financeira; e o apoio aos promotores das empresas, unha vez constituídas, acompañándoos tecnicamente durante as primeiras etapas de funcionamento, mediante a aplicación de técnicas de consultaría en xestión empresarial.

A contía máxima das subvencións que se concederán por cada axente de emprego e desenvolvemento local poderá ser dun límite máximo de 27.046 euros anuais por cada contratación subvencionada e terase en conta a media de paro rexistrado no 2014 no seu ámbito territorial, de acordo coas estatísticas oficiais da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Así, cando as entidades beneficiarias teñan unha media de paro rexistrado en 2014 igual ou superior a 500 persoas desempregadas, a axuda será a equivalente ata o 35%

dos custos salariais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos, e será a equivalente ata o 25% dos custos salariais totais cando a media de paro rexistrado sexa inferior a 500 persoas.

A convocatoria destas subvencións mantén, de novo, igual que as convocatorias de anos anteriores, os criterios para primar proxectos de xestión compartida. Deste xeito, terán prioridade aqueles concellos que teñan unha media de paro rexistrado no ano 2014 inferior a 500 persoas no seu ámbito territorial e que se agrupen para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local. Nestes casos, incrementarase a contía máxima da subvención e, deste xeito, será a equivalente ata o 80% dos custos salariais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos.

## SANIDADE ELABORA UN SISTEMA INTEGRAL DE XESTIÓN DE PACIENTES QUE AXILIZARÁ A COMUNICACIÓN CO PACIENTE E A XESTIÓN DE TODA A ACTIVIDADE ASISTENCIAL

- *O sistema, denominado Innovasis, está enmarcado como un proxecto do Hospital 2050-Innova Saúde*
- *A pilotaxe, iniciada en outubro e que durará ata finais de novembro, está a realizarse na Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras*

A Consellería de Sanidade informou ao Consello da Xunta da contratación dun Sistema integral de xestión de pacientes (Innovasis), enmarcado como un dos proxectos do Hospital 2050-Innova Saúde. O novo sistema integral beneficia a cidadanía, o profesional e á organización, xa que permitirá unha comunicación máis áxil co paciente, facilita unha xestión asistencial integral, unha xestión por proceso, a orientación do resultado e unha mellora na avaliación e toma de decisións.

O importe total do contrato licitado é de 2.384.741,24 euros (21% IVE incluído), e a adxudicataria é a UTE Everis Spain, S.L.U. e Coremain SLU. Este importe inclúe todos os gastos de xestión, así como os de operación e mantemento durante a fase de demostración.

A pilotaxe, iniciada en outubro e que durará ata finais de novembro, está a realizarse na Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, de tal forma que abarca aos tres hospitais da área e ao punto de atención continuada de Xinzo de Limia.

Innovasis é un sistema de información único para todo o Servizo Galego de Saúde e que permitirá unificar todos os sistemas de actividade asistencial existentes. Tamén integra a información de entidades que non tiñan cabida no anterior sistema (O61, Galaria, saúde pública, centros concertados) e outros dispositivos como as residencias sociosanitarias (ás que xa se lles subministra farmacia e material sanitario).

Na actualidade, os sistemas de información levan implantados 17 anos, son independentes e sen comunicación entre as diferentes EOXI, así a atención primaria emprega o programa SIGAP e a atención hospitalaria emprega o programa SIHGA, entre outros, para rexistrar toda a demanda de actividade asistencial (como ordes de ingreso, solicitude de altas en servizos, etc.).

### **Solución integral con varios módulos flexibles**

Innovasis posibilita xestionar de forma global a actividade, independente do nivel e modalidade asistencial, o que permite a completa eliminación do papel como vehículo



da información. Así por exemplo, permite incorporar información do paciente e que esta sexa consultada por todos os profesionais independentemente do ámbito asistencial (primaria ou especializada). Tamén mellora a eficiencia ao unir información de actividade asistencial e os recursos humanos e materiais necesarios para levala a cabo.

Conta con catro grandes módulos que son o xestor da oferta (no cal se inclúe equipamento, carteira de servizos, catálogo de prestacións, entre outros); o xestor da demanda (que abarca o rexistro e xestor de solicitudes, rexistro de pacientes en espera, xestión de consentimento informado, xestión de derivacións a centros externos); o xestor de planificación/programación (que contará con planificación, programacións, asignacións, entre outros); o xestor de actividade (con soporte a modalidades asistenciais como actividade ambulatoria, urxente, hospitalización a domicilio, actividade cirúrxica e tamén guía de pacientes, traballo social, investigación e ensaios clínicos, entre outros) e, ademais, dará soporte a outras modalidades e dispositivos (como o xestor de análise e avaliación asistencial, xestor de codificación clínica, ficheiro mestre de pacientes).

## **A XUNTA ABOARÁ A PARTIR DE MAÑÁ O ANTICIPO DAS AXUDAS DA PAC POR UN IMPORTE TOTAL DE 65,3 MILLÓNS DE EUROS**

- *Veranse beneficiados máis de 26.000 gandeiros e agricultores galegos*
- *Ademais, a Consellería do Medio Rural tramitará este venres a petición de fondos adicionais de 7,1 millóns de euros de indemnizacións compensatorias*

A Consellería do Medio Rural, a través do Fondo Galego de Garantía Agraria, aboará a partir de mañá o anticipo das axudas da política agraria común (PAC), por un importe total de 65,3 millóns de euros. Así o recolle o informe que analizou esta mañá o Consello da Xunta.

Deste xeito, un total de 26.007 gandeiros e agricultores galegos veranse beneficiados deste adianto, que engloba as axudas correspondentes ao Pagamento Básico aos Agricultores (réxime de pagamento básico), o Pagamento para os agricultores que apliquen prácticas agrícolas beneficiosas para o clima e o ambiente (pagamento verde) e a axuda acoplada ao sector lácteo. Os beneficiarios deste anticipo correspóndense ao 79% dos solicitantes destas axudas, xa que o resto está pendente de resolver algún tipo de incidencia na documentación presentada. En todo caso, o prazo para o pagamento destas subvencións finaliza o 30 de xuño de 2016, é dicir, non quedará ninguén sen cobrar sempre que cumpra os requisitos exixidos pola normativa comunitaria.

Se analizamos a información a nivel provincial, un total de 9.575 beneficiarios son da provincia da Coruña, cunha axuda de 24 millóns de euros; 10.397 beneficiarios son da provincia de Lugo, cun total de 30,1 millóns de euros; en Pontevedra son 2.805 persoas cun importe de 6,2 millóns de euros e, finalmente, Ourense acapara 4,9 millóns de euros para 3.230 beneficiarios.

A diferenza doutras comunidades autónomas que optaron por realizar pagos parciais dun terzo dos importes máximos autorizados; en Galicia, co obxecto de facilitar a transparencia e a integridade dos pagamentos, efectuarase este pagamento de forma conxunta, polo que estes 65,3 millóns de euros supoñen o maior anticipo da PAC pagado nunca en Galicia. A nosa Comunidade convértese na primeira en aboar este pagamento que supera en 11 puntos porcentuais a media das comunidades autónomas que o teñen tramitado neste exercicio.

Desta forma, os gandeiros e agricultores galegos terán liquidez para poder paliar na medida do posible as dificultades financeiras e os problemas de tesouraría, mentres non se alcance a estabilización dos mercados.

### **Outras axudas**

Ademais, a Consellería do Medio Rural tramitará este venres a petición de fondos adicionais de 7,1 millóns de euros de indemnizacións compensatorias. Estas son axudas que tratan de compensar os custos adicionais e as perdas de ingresos que supón a produción agrícola en zonas de montaña e outras zonas desfavorecidas, ademais das externalidades positivas que comporta a dita radicación das actividades agrícolas.

## OS PROXECTOS DOS GRUPOS DE ACCIÓN COSTEIRA XERARON ARREDOR DE 250 EMPREGOS

- *Estes datos despréndense dun informe presentado hoxe no Consello da Xunta que dá conta da actividade destes grupos para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca durante o período de aplicación do Fondo Europeo de Pesca (FEP) 2007-2014*
- *A Consellería do Mar aprobou entre 2010 e 2014 máis de 400 proxectos dos GAC por un importe de 23 millóns de euros*
- *A través deles, estes grupos tiveron un papel relevante na dinamización dos territorios adaptándose ás particulares características de cada zona*
- *A Consellería do Mar asinou convenios por un importe total de 169.000 euros coas sete asociacións seleccionadas para grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) para a elaboración de estratexias de desenvolvemento local participativo*

A Consellería do Mar aprobou entre 2010 e 2014 máis de 400 proxectos dos grupos de acción costeira (GAC) por un importe de 23 millóns de euros. Arredor destes proxectos xeráronse preto de 250 empregos. Estes datos despréndense dun informe presentado hoxe no Consello da Xunta que dá conta da actividade destes grupos para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca durante o período de aplicación do Fondo Europeo da Pesca (FEP) 2007-2014.

Atendendo a datos do Ministerio de Agricultura Alimentación e Medio Ambiente (Magrama), este informe tamén sinala que preto do 50% dos proxectos financiados polo eixe 4 do FEP (desenvolvemento sustentable das zonas de pesca) son galegos. Algúns destes proxectos galegos dos GAC foron seleccionados desde a Comisión Europea, a rede Farnet e o Magrama como exemplos de boas prácticas para o resto de Europa.

A través destes proxectos, estes grupos tiveron un papel relevante na dinamización dos territorios adaptándose ás particulares características de cada zona. De feito, desenvolveron campañas e proxectos de coordinación e cooperación relacionados coa gastronomía, o turismo e a pesca, como por exemplo a iniciativa *Come o mar* ou a creación e impulso da marca *Mar Galaica*, fomentando a cooperación entre restauradores e pescadores.

Tamén promoveron a introdución e o uso de produtos pouco estendidos, como as algas, e ofreceron programas de carácter educativo sobre a alimentación e a gastronomía do mar. O seu plan de actividades tamén incluíu iniciativas de igualdade e visibilización do papel da muller no sector pesqueiro.



**Nova etapa**

En abril deste ano a Consellería do Mar publicou a convocatoria de selección de candidatos a grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) para a elaboración de estratexias de desenvolvemento local participativo no período de programación do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca 2014-2020. En xullo foron seleccionadas as asociacións candidatas. Coas sete asociacións seleccionadas (Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Golfo Ártabro Norte e os Grupos de acción costeira A Mariña Ortegal, Costa da Morte, Ría de Muros-Noia, Ría de Arousa, Ría de Pontevedra e Ría de Vigo-A Guarda), a Consellería do Mar asinou convenios por un importe total de 169.000 euros para a elaboración de estratexias de desenvolvemento local participativo. Isto terá unha repercusión positiva no fomento do desenvolvemento local participativo nas áreas costeiras, o que redundará en beneficios para o tecido socioeconómico destas áreas.